

DECLARACIÓN de COMPOSTELA, DA CIENCIA CON CONCIENCIA. 20 de Febreiro 2025.

A Declaración de Compostela sobre a Ciencia con Conciencia foi elaborada como resultado da I Xornada dos Centros de Investigación Interuniversitarios de Galicia, CISPAC, CITMAga e ECOBAS, celebrada o día 20 de febreiro de 2025. O colectivo investigador debateu sobre os grandes retos que temos por diante como sociedade globalizada, á que, necesariamente, debemos dar resposta dende as ciencias cun enfoque transdisciplinar no que conflúan distintas miradas e no que tomemos conciencia dos impactos tecnolóxicos, ambientais e sociais.

PREÁMBULO

Como científicas e científicos queremos e debemos asumir riscos para facer ciencia con futuro e con conciencia. Unha ciencia orientada ás sociedades do mañá, pero tamén plenamente consciente dos seus impactos no presente. Conscientes de que non están cambiando os tempos senón que estamos cambiando de Tempo, que o mundo está asistindo a un cambio de era.

As nosas prioridades abranguen grandes retos, dende a crise ecolóxica global ata o inmediato futuro do cambio climático, pasando polo desafío que supón o manexo masivo de datos e o uso da IA.

Temos moito coñecemento acumulado grazas ás ciencias nos últimos dous séculos, porén, nestas alturas do século XXI o incremento de coñecemento xa non é un obxectivo. O verdadeiro obxectivo é a procura de solucións aos problemas das sociedades actuais sumando coñecementos e métodos transversais, dende a transdisciplinariedade.

Este texto reflicte o compromiso dos centros asinantes coa construción dunha nova ciencia cidadá e cun modelo de formación académica en proceso de transformación. Xunguir investigación e formación permitirá o mellor dos impactos que a ciencia universitaria pode garantir.

Baixo esta declaración asumimos o compromiso de construír un ecosistema científico colaborativo baseado na excelencia e utilidade social, cun enfoque aberto á cooperación con outros centros públicos de investigación, tanto universitarios como non universitarios. Promoveremos a lexitimidade da ciencia interdisciplinaria e interuniversitaria.

Tamén se subliña a importancia da contorna como punto de partida para a investigación, recoñecendo o papel central da sociedade local na xeración de coñecemento global. Finalmente, resáltase a comunicación como ferramenta chave para fomentar o diálogo coa sociedade e os centros de investigación.

COMPROMISOS

1

Os centros de investigación promoveremos espazos de encontro interuniversitarios que favorezan unha contorna de traballo colaborativa. O noso obxectivo é fomentar sinerxías entre o persoal investigador de distintos ámbitos do coñecemento, promovendo a transdisciplinariedade como a mellor vía para afrontar os grandes retos globais. Impulsando a internacionalización do espazo colaborativo e da capacidade de produción de coñecemento global desde Galicia.

2

Poremos en valor a comunicación como maneira de render contas e achegar á cidadanía os resultados da nosa investigación, pero tamén como ferramenta para establecer un diálogo entre a comunidade investigadora e a sociedade. A través deste intercambio integraremos novas perspectivas, preguntas e desafíos na nosa investigación, avanzando cara a auténticos procesos de cocreación.

3

Promoveremos e aplicaremos os mandatos da Ciencia Aberta en todas as súas dimensións, garantindo o acceso a resultados, datos, códigos e metodoloxías que permitan a reproducibilidade do traballo realizado e fomenten o acceso universal ao coñecemento científico.

4

Consideraremos os impactos tecnolóxico, ambiental e social das nosas investigacións, adoptando unha forma de facer ciencia con conciencia que favoreza a construción de estruturas de investigación socialmente robustas.

5

Garantiremos o respecto aos principios éticos na investigación científica, integrando a igualdade, a transversalidade e a inclusión como elementos fundamentais do marco investigador, e en coherencia cos avances das últimas décadas.

6

Impulsaremos unha cultura científica que fomente a formación crítica e a aprendizaxe continua, integrando a investigación na docencia e na educación ao longo da vida. Apostamos pola transferencia de coñecemento á sociedade, ás institucións e ao sector produtivo, asegurando que os avances científicos poidan traducirse en solucións concretas para os desafíos sociais, económicos e ambientais máis urxentes do presente e para os retos fundamentais do futuro.

PROMOVIDA POR:



Economics and Business Administration for Society - ECOBAS
Correo electrónico: ecobas@ecobas.gal / comunicacion@ecobas.gal
Páxina web: <https://ecobas.gal/>
Teléfono +34 986 81 20 28 / +34 986 81 86 10



**CENTRO DE INVESTIGACIÓN
E TECNOLOXÍA MATEMÁTICA
DE GALICIA**

Centros de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia - CITMaga
Correo electrónico: citmaga@citmaga.gal
Páxina web: <https://citmaga.gal/>
Teléfono +34 881 813 357



CISPAC

**Centro de Investigación Interuniversitario
das Paisaxes Atlánticas Culturais**

Centro Interuniversitario das Paisaxes Atlánticas Culturais - CISPAC
Correo electrónico: cispac.direccion@usc.es / cispac.xestion@usc.es
Páxina web: <https://cispac.gal/>
Teléfono +34 881 97 10 10

Publicada o 3 de abril de 2025




Universidade de Vigo



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Galicia ten nivel



 **ECOBAS**
Economics and Business Administration for Society

**CIT
MAGA** CENTRO DE INVESTIGACIÓN
E TECNOLOXÍA MATEMÁTICA
DE GALICIA

 **CISPAC**
Centro de Investigación Interuniversitario
das Países Atlánticas Culturais

Ciencia con Conciencia